



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria do 4 de novembro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Yolanda Aguiar Castro
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e sete minutos do día catro de novembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(852).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN, RETRANSMISIÓN EN TELEVIGO DOS ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20700/101.

Visto o informe de fiscalización do 03/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/10/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do departamento administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 1 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, asinado con data 19 de setembro de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación, con data 9 de outubro de 2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 130.108,77 co ive engadido. Sendo o importe do ive de 22.580,86 €.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do orzamento de Alcaldía para os anos 2025 e 2026.

- O prazo de execución será dun ano por un importe de 130.108,77 co ive engadido. O gasto imputarase as seguintes anualidades:

- Ano 2025: 27.734,22 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

- Ano 2026: 102.374,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

- Neste contrato prevénse 1 prórroga dun ano de duración:

- Ano 2026: 27.734,22 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

- Ano 2027: 102.374,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 2 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP."

Segundo.- O día 24 de outubro de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 28 de outubro de 2025 INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 29 de outubro de 2025, ás 10:30 horas, reúnense a xefa do departamento administrativo de Alcaldía xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, e acordándose admitir a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU no procedemento.

A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA".

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "(...) *dado que a empresa foi seleccionada, as características do servizo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada.*"

Quinto.- Con data do 30 de outubro de 2025 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo (20700-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 3 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación:

- *A documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que o certificado de boa execución do Concello de Vigo por un importe de 81.151,08 € non cobre toda a solvencia técnica requirida na cláusula 18.3 do PCAP que ascende a 91.076,15 €.*
- *O Anexo IV deste prego que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.*
- *O Anexo V deste prego que inclúe unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.”*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU, o día 30 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- Con data 31 outubro de 2025 reúnense a xefa do departamento administrativo de Alcaldía xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxecto e revisada a documentación presentada pola licitadora comprobando que é correcta. Consta no presentados os certificados acreditativos de que a empresa non ten débedas coa AEAT, a ATRIGA e a TXSS. Asemade, figura no expediente o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias da Tesourería do Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle a xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue xunto co persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 29 e 31 de outubro de 2025 de apertura dos sobres A e B.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 4 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU o procedemento negociado sen publicidade do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo (20700-101) por un prezo total de 130.108,78 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 22.580,86 euros e coa seguinte condición:

- a) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo unitario de cada evento é do 0,00 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(853).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR. EXPTE. 9018/252.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/10/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 5 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PPT)
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as entidades públicas estatais, autonómicas e locais para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e da contabilidade das medidas do compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 23 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (expediente 7645-252).

Segundo.- O 26 de maio de 2022 a XGL acordou adxudicar a FCC MEDIOAMBIENTE SAU o citado procedemento:

"Adxudicar a FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 6 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

1.- O prezo total do contrato é de 402.970.748,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.729.622,43 euros co seguinte detalle:

	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.180.960,38 €	26.346.558,10 €	959.180,21 €	366.241.126,06 €
Importe IVE	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43 €
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	402.970.748,49 €

2.- Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos residuos da fracción orgánica 70,00%.

3.- Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 50,00%.

4.- Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 4%.

5.- Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.

6.- Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP, para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 0,40%.

7.- Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo "Papel-Cartón" de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 1,00 euro".

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 27 de xuño de 2022 e a execución do contrato iniciouse o 1 de xullo de 2022 e rematará o 31 de decembro de 2031. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- A XGL na sesión de 15 de decembro de 2023 aprobou unha primeira modificación deste contrato (expediente 8463-252), que foi obxecto dunha corrección material de erros por acordo do mesmo órgano de 19 de setembro de 2025 (expediente 9014-252):

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 7 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"1º.- Corrixir o plan de investimentos do contrato adxudicado reducindo este en 173.177,09€, polo que o total da Amortización máis o Financiamento pasa dos 15.180.960,38 € aos 15.007.783,30 €. Todo elo antes da modificación nº 1 do contrato.

2º.- Minorar o prezo do contrato no ano 2023 en 311.454,42€ da parte variable por selectiva +orgánica (283.140,38 de base + 28.314,04 de IVE), polo que o prezo do contrato no ano 2023 queda establecido en 37.453.052,50€. Esta minoración equivale a unha rebaixa do 0,08% sobre o importe da parte fixa máis a parte variable por selectiva +orgánica, o que queda dentro do límite do +5% establecido no PCAP. O crédito liberado quedará dispoñible na partida 1622.227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS".

3º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, que foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, e que consisten en:

- Modificar o plan de investimentos do contrato incrementando este en 723.273,87€ (sen iva), o que supón un incremento do 4,82% sobre o inicial corrixido. O plan de investimentos modificado resulta en 15.731.057,17€ (sen iva), que serán cofinanciados con 587.674,00 € polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU-, figurando o devandito Plan dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento I3: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

4º.- Establecer como novo prezo do contrato modificado nº 1 o de 403.264.400,51€, dos que 323.754.427,36€ corresponden á parte fixa, 15.731.057,17€ corresponden á amortización máis financiamento, 26.063.417,72€ á parte variable, 959.180,21€ ao incentivo, 36.554.890,20€ ao IVE do 10% e 201.427,85€ ao IVE do 21%, coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	IMPORTE TOTAL CONTRATO MODIFICADO S/IVE	TOTAL IVE	Total con IVE CONTRATO MODIFICADO
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
2024	35.542.422,16 €	3.564.296,40 €	39.106.718,56 €
2025	37.999.150,57 €	3.810.283,34 €	41.809.433,91 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

2026	38.699.101,00 €	3.880.761,14 €	42.579.862,14 €
2027	39.288.913,43 €	3.939.924,84 €	43.228.838,27 €
2028	39.891.684,70 €	4.000.242,54 €	43.891.927,24 €
2029	40.503.376,31 €	4.061.965,39 €	44.565.341,70 €
2030	41.125.109,28 €	4.124.156,59 €	45.249.265,87 €
2031	41.782.758,80 €	4.190.503,82 €	45.973.262,62 €
	366.508.082,46 €	36.756.318,05 €	403.264.400,51 €

5º.- Xerar crédito polo importe da subvención concedida (587.674,00€) na aplicación orzamentaria 1622..227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS" do vixente orzamento municipal.

6º.- Financiar o contrato modificado con cargo ao crédito dispoñible na partida 1622..227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS" do vixente e futuros orzamentos municipais. O contrato modificado ten as seguintes necesidades de financiamento:

	Credito do contrato adxudicado	Necesidades de crédito para o Modificado nº1	Diferenza co contrato adxudicado:
2023	37.764.506,92 €	38.593.131,24 €	+ 828.624,32 €
2024	39.134.658,30 €	39.106.718,56 €	-27.939,74 €
2025	41.837.373,65 €	41.809.433,91 €	-27.939,74 €
2026	42.607.801,87 €	42.579.862,14 €	-27.939,73 €
2027	43.256.778,00 €	43.228.838,27 €	-27.939,73 €
2028	43.919.866,98 €	43.891.927,24 €	-27.939,74 €
2029	44.593.281,44 €	44.565.341,70 €	-27.939,74 €
2030	45.277.205,60 €	45.249.265,87 €	-27.939,73 €
2031	46.001.202,36 €	45.973.262,62 €	-27.939,74 €

Para o ano 2023, a diferenza de 828.624,32 € por riba do crédito autorizado no contrato actual, sufragarase co crédito xerado na partida pola concesión da subvención (587.674,00€) máis o crédito minorado da parte variable do contrato actual deste ano (311.454,42€).

7º.- Impoñer como obrigas do contratista as seguintes:

1. Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 9 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
3. *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
4. *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondo.*
5. *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
6. *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.*
7. *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
8. *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do "Plan antifraude" do Concello de Vigo.*
9. *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control. Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos, tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización e facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 188, en relación coa medida C12.I3, no anexo da*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 10 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final].

10. *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*

11. *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*

12. *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e de conformidade co establecido no anexo IV das bases reguladoras desta achega.*

13. *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*

8º.- *Impoñer como obrigas do responsable municipal do contrato as seguintes:*

1. *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

2. *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negati-*

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 11 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

vos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

9º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

10º.- Notificar este acordo a FCC MEDIOAMBIENTE SAU e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.

Esta modificación formalizouse en data 28 de decembro de 2023 e foi publicada na PLASP o 20 de febreiro de 2024.

Sexto.- En data 25 de outubro do 2024 a Xunta de Goberno Local acordou unha segunda modificación do contrato que nos ocupa (expediente 8654-252), que foi obxecto dunha corrección material de erros por acordo do mesmo órgano de 19 de setembro de 2025 (expediente 9014-252):

“1º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, nos termos sinalados neste informe. Este contrato foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 9.781.433,81 euros (IVE incluído) respecto do primeiro modificado e de 10.248.262,92 € respecto da adxudicación, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”.

O novo prezo do contrato modificado nº 2 é:

<i>total parte fixa S/IVE:</i>		<i>332.174.413,26</i>
<i>total parte variable por reciclaxe S/IVE:</i>		<i>26.063.417,72</i>
<i>total parte variable por incentivo S/IVE:</i>		<i>959.180,21</i>
<i>amortización máis financiamento do investimento S/IVE:</i>		<i>16.203.283,81</i>
<i>TOTAL CONTRATO S/IVE</i>		<i>375.400.295,00</i>
	<i>IVE 10%:</i>	<i>37.444.111,48</i>
	<i>IVE 21%:</i>	<i>201.427,84</i>
<i>Total IVE:</i>		<i>37.645.539,32</i>





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

total do CONTRATO:	413.045.834,32
--------------------	----------------

Coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	MODIF 2	IVE do modif 2	Total con IVE modif2
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
2024	37.992.606,08 €	3.809.314,80 €	41.801.920,88 €
2025	38.884.331,56 €	3.898.801,44 €	42.783.133,00 €
2026	39.595.758,40 €	3.970.426,88 €	43.566.185,28 €
2027	40.197.261,36 €	4.030.759,63 €	44.228.001,99 €
2028	40.811.869,89 €	4.092.261,06 €	44.904.130,94 €
2029	41.435.244,52 €	4.155.152,21 €	45.590.396,73 €
2030	42.068.801,22 €	4.218.525,78 €	46.287.327,00 €
2031	42.738.855,77 €	4.286.113,52 €	47.024.969,29 €
total:	375.400.295,00 €	37.645.539,32 €	413.045.834,32 €

Esta modificación supón un incremento de 4.495.057,09 € sen iva do prezo da parte fixa do contrato por causas previstas ao que restándolle os 283.140,38 da parte variable por selectiva +orgánico da primeira modificación tamén por causas previstas, equivale a un 1,20% de variación da parte fixa máis a parte variable por selectiva +orgánico; e un incremento de 472.226,64€ do prezo do PLAN DE INVESTIMENTOS por causas previstas no PCAP, que engadindo aos 723.273,87 € da primeira modificación do contrato tamén por causas previstas equivale a un 7,97% respecto da adxudicación, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20 % do total do Plan de investimentos e do 5% da parte fixa máis variable por selectiva +orgánico do prezo do contrato por causas previstas, segundo o disposto no apartado 15.D do Anexo I (FEC) do PCAP).

Asemade, supón un incremento de 3.924.928,81 € sen IVE do prezo da parte fixa do contrato por causas non previstas no PCAP que equivale a un 1,07% respecto do prezo de adxudicación sen IVE, o que queda dentro da marxe do 50% establecido no artigo 205 da Lei de Contratos do sector público.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil do contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 13 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Esta modificación formalizouse en data 13 de novembro de 2024 e foi publicada no DOUE o 31 de decembro de 2024.

Sétimo.- En sesión ordinaria do 1 de abril de 2024, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Pan de Sustentabilidade Turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, ano 2023 (expediente 8437-104).

En data 7 de maio de 2024 asinouse o convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU cun orzamento de 2.000.000,00 €.

Para realizar a actuación 1.1 do convenio “plan de xestión de residuos diferenciado para o casco antigo de Bouzas e ámbito de influencia próxima” é preciso modificar o contrato que nos ocupa. Conforme a 3ª Acta da comisión de seguimento do 4 de abril de 2025, o importe da actuación e o reparto de anualidades é o seguinte:

Nº	Actuacións	Anualidade 2025	Anualidade 2026	TOTAL
1.1	Plan de xestión de residuos diferenciada para o casco antigo de Bouzas e ámbito de influencia próxima	265.600,00 €	0,00 €	265.600,00 €

Oitavo.- En data 30 de decembro do 2024 o DOG nº 250 publicou dúas convocatorias de axudas da Consellería de Medio Ambiente e cambio climático da Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal:

- a) ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresíduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T)”.
- b) “ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 14 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U)".

En data 24 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a participación do Concello de Vigo en ambas convocatorias. Na primeira, nas liñas 1, 2, 3 e 4 (expediente 8883-252) e na segunda, na liña 3 (expediente 8884-252). Ambas axudas foron concedidas por sendas resolucións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade de 2 de maio de 2025, publicadas no DOG nº 92 do 15 de maio de 2025, por uns importes de 1.384.893,18 € e 77.580,08 € respectivamente.

Noveno.- En data 27 de outubro de 2025 o xefe de Limpeza, coa conformidade do concelleiro delegado da área de goberno de Fomento e Servizos, solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato e indica as necesidades que o motivan, que ademais das derivadas da concesión das axudas citadas nos antecedentes sétimo e oitavo, inclúe outras derivadas da necesidade da optimización dos procedementos de limpeza viaria tales como a necesidade dun novo modelo de recollida de residuos dispersos en 9 distritos do Sector 1 mediante a mecanización dos procedementos de baldeo manual (capítulo 14 do PPTP); a mellora da recollida a demanda de residuos voluminosos (capítulo 12 do PPTP) e a mellora da recolección de residuos dispersos mediante procedementos de varrido mecánico con varredora viaria de arrastre de cepillos duros e condutor a bordo (capítulo 14 do PPTP).

Décimo.- Con data 28 de outubro de 2025 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato:

"1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, segundo o solicitado polo xefe do servizo de Limpeza e xestión de residuos de Vigo, mediante informe de data 20 de outubro de 2025, coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-Delegado da área de goberno de Fomento, Servizos e Deportes, nos termos sinalados neste informe. Este contrato foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en:

1.- Sinatura do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Pan de Sustentabilidade Turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU. Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 15 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña informativa de concienciación en biorresiduos específica para o comercio de proximidade e a hostalería de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña entregará en man 690 folletos informativos, realizará 150 charlas informativas e de seguimento do proxecto, repartirá 70 cubos de 60 litros de cor marrón e con tapa para a separación de orgánica para colocar no interior dos locais, entregará 60 kits de bolsas compostables de gran formato (110 litros).

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña online e offline para a redución de cabichas na vía pública no ámbito de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña repartirá 200 carteis e displays e creará un "selo" de recoñecemento de participación no proxecto que visibilizará tanto no propio establecemento como na web municipal e en RRSS."

A cláusula 7.3 sobre implantación de novos recipientes tipo papeleira debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista debe adquirir e instalar na vía pública durante o ano 2025, 20 unidades de papeleiras bicompartimentadas para recollida de fracción orgánica separadamente de outras fraccións de residuos, nos lugares que lle indique o responsable municipal do contrato. Estas novas unidades entrarán a formar parte do parque de recipientes da cidade nas mesmas condicións que o resto das papeleiras xa existentes."

A cláusula 10.4 sobre a xestión da fracción orgánica xerada por grandes produtores debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista debe executar un proxecto piloto para mellorar a recollida de residuos orgánicos a través dunha recollida diferenciada a establecementos HORECA do casco histórico de Bouzas así como do seu ámbito de influencia próxima. Inclúe a adquisición e a instalación na vía pública de 25 unidades de contedor de 370 litros de cor gris con tapa marrón, de tres rodas, dotados de pechadura mecánica, que serán recollidos mediante o sistema de "quitar e poñer". Inclúe a adquisición de un vehículo totalmente eléctrico, de caixa aberta basculante e plataforma elevadora para o traballo de colocación e retirada dos contedores."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 16 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

O capítulo 12 sobre xestión sustentable e integrada de outras fraccións reciclables debe incluír unha nova cláusula (a número 12.13), para a recollida diferenciada de cabichas, co seguinte texto:

"CLÁUSULA 12.13.- PROXECTO PILOTO PARA A RECOLLIDA DIFERENCIADA DE CABICHAS

O contratista debe executar durante o ano 2025 un proxecto piloto para a recollida de residuos de cabichas a través dunha recollida diferenciada no casco histórico de Bouzas. Inclúe a adquisición de 55 cinzeiros especiais para instalar no exterior dos locais, e 80 cubos específicos para a recollida dos residuos. Inclúe o proxecto o custe de dous tratamentos dos residuos recollidos en planta de reciclaxe específica, incluso co transporte e as autorizacións necesarias en caso de ter que desprazalos ao estranxeiro."

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e para o contratista por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Deben incluírse dous novos puntos (os números 6 e 7) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP coa seguinte redacción:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

6.- obrigas da empresa para proxectos financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU:

- 1. Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, e, en particular, co artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, sobre a compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento.*
- 2 Declaración expresa do compromiso de cumprimento do "Plan antifraude" do Concello de Vigo.*
- 3. Respetar os principios de economía circular e acreditar o compromiso de evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como o resto da normativa en materia medioambiental europea e*

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 17 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

nacional. A estes efectos poderá seguir a Guía Técnica de aplicación do principio de "non causar danos significativos" en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e a "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo

7.- Obriga específica do Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU: Cumprimento das obrigas específicas establecidas no convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do "Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationeEU."

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

2.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (Orde do 17 de decembro de 2024, MT975T). Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 catro campañas de información, difusión e sensibilización para: 1º a consolidación da recollida da materia orgánica (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios como a grandes xeradores), 2º ampliación do proxecto de compostaxe in situ mediante a entrega de 2.500 composteiros xunto con un caldeiro doméstico e un kit composto por termómetro aireador e peneira, 3º consolidación da recollida separada de aceite de cociña usado (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios coa entrega de 3000 embudes como a comunidades de veciños coa entrega de 350 bidóns para a recollida), 4º consolidación da recollida separada de residuo téxtil. Creará unha liña gráfica nova na que contaremos cos contidos necesarios para unha guía/folleto sobre o funcionamento do servizo e os biorresiduos que son obxecto desta recollida separadaAs campañas incluírán accións de difusión, comunicación, sensibilización á cidadanía e seguimento. A empresa adquirirá e repartirá entre centros



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 18 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

comunitarios que o soliciten 10 composteiros comunitarios realizando a correspondente visita de formación e a de seguimento.

Especificamente a campaña para a consolidación da recollida da materia orgánica conterá actuacións de formación, información e sensibilización realizadas á poboación involucrada no proxecto consistentes en realizar en total 140 accións de información a pe de rúa, 1.020 visitas a empresas e 65 accións de formación e difusión en centros escolares. Realizaranse accións informativas porta a porta para todos os grandes e medianos produtores do termo municipal. Entregaranse 12.000 unidades de caldeiro aireado de 7 litros de capacidade e de cor marrón, 24.000 atados de bolsas compostables de 10 litros e 18 micras de grosor para domicilios, 1020 atados de bolsas de 120 litros de capacidade e 19 micras de grosor para grandes xeradores.

A cláusula 10.2 sobre a xestión da fracción orgánica recollida mediante recipientes comunitarios en vía pública, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 tres camións para a recollida de biorresiduos, un con motor de biogás e dous completamente eléctricos. Estes vehículos adicaranse á recollida de orgánica domiciliaria. Un deles terá unhas dimensións especiais para a recollida en rúas estreitas o cal reduce a 6 m³ a súa capacidade, e os outros dous terán unhas medidas estándar e 7 m³ de capacidade

A cláusula 12.2 sobre a xestión do aceite vexetal, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 350 unidades de bidón para o interior das comunidades de veciños, que repartirá xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego, e que recollerá a demanda nas mesmas condicións que os contedores da vía pública."

A cláusula 10.5 sobre tratamento domiciliario do biorresiduo, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 2.500 unidades de composteiro doméstico fabricado con material 100% reciclado, cunhas medidas de 900 mm alto x 700 mm de base cando está montado, e contará tamén cunha tapa superior con peche e bloqueo "anti-vento", e 10 unidades

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 19 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de composteiros de tambor para instalar en espazos comunitarios. Estas unidades se repartirán xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego e formarán parte do parque de composteiros municipal nas mesmas condicións que o indicado nesta cláusula."

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e para o contratista por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Deben incluírse un novo punto (o número 8) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP coa seguinte redacción:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

8.- Obriga específica da axuda concedida pola Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 (códigos de procedementos MT975T e MT975U): Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T) e na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U)

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

3.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 20 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

municipal (orde do 17 de decembro de 2024, MT975U). Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 13.2 que describe a prestación do servizo de punto limpo móbil en Vigo debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe adquirir no ano 2025 cinco caixas metálicas para empregar como puntos limpos non motorizados de 3 m3 de volume e doce unidades de 1,5 m3, que poidan ser utilizados por unha cara ou polas dúas. As caixas estarán dotadas de gancho para ser manipuladas con guindastre. Estes puntos limpos móbiles servirán para suplementar a recollida diferenciada de residuos mediante puntos limpos móbiles que se regula nesta cláusula, cunha nova tipoloxía de contedor máis sinxela de manexar. O proxecto inclúe realizar ata 40 cambios de localización ao ano por diferentes puntos do casco urbano, locais públicos e parroquias, cos seus correspondentes traslados do punto limpo móbil, e a recollida e transporte dos residuos ao punto limpo fixo da cidade para xestionarse conxuntamente co resto dos residuos destas mesmas características recollidos, tanto no propio punto limpo fixo como nos puntos limpos móbiles existentes actualmente.

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

3º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 2.058.239,52 euros (IVE incluído) respecto do segundo modificado e de 12.306.502,44 € respecto da adxudicación. O prezo do contrato tras a modificación é de 415.104.073,84 €:

MODIFICADO 3º					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato A+F	Parte variable por reciclaxe + orgánico	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	333.108.850,08 €	17.139.973,83 €	26.063.417,72 €	959.180,21 €	377.271.421,84 €
Importe IVE	33.310.885,01 €	1.713.997,37 €	2.606.341,77 €	201.427,85 €	37.832.652,00 €
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	415.104.073,84

MODIFICADO 3º	
total parte fixa S/IVE:	333.108.850,08 €
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.063.417,72 €
total parte variable por incentivo S/IVE:	959.180,21 €

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 21 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

amortización máis financiamento do investimento S/IVE:		17.139.973,83 €
TOTAL CONTRATO S/IVE		377.271.421,84 €
	IVE 10%:	37.631.224,15 €
	IVE 21%:	201.427,85 €
Total IVE:		37.832.652,00 €
total do CONTRATO C/IVE:		415.104.073,84 €

Coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	MODIFICACIÓN 3 S/IVE	IVE	MODIFICACIÓN 3 C/IVE
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
2024	37.992.606,08 €	3.809.314,80 €	41.801.920,88 €
2025	40.755.458,40 €	4.085.914,12 €	44.841.372,52 €
2026	39.595.758,40 €	3.970.426,88 €	43.566.185,28 €
2027	40.197.261,36 €	4.030.759,63 €	44.228.020,99 €
2028	40.811.869,89 €	4.092.261,06 €	44.904.130,94 €
2029	41.435.244,52 €	4.155.152,21 €	45.590.396,73 €
2030	42.068.801,22 €	4.218.525,78 €	46.287.327,00 €
2031	42.738.855,77 €	4.286.113,52 €	47.024.969,29 €
total	377.271.421,84 €	37.832.652,00 €	415.104.073,84 €

4º. A modificación será financiada con cargo ás aplicacións orzamentarias 4320..2279901 "plan de residuos de bouzas" e 1622.227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS", nas que existe crédito suficiente.

5º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva incrementandoa en 79.399,32 €, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

6º.- Dar audiencia a FCC MEDIOAMBIENTE SAU, por prazo de dez días hábiles para que formule as alegacións que ao seu dereito conveñan".

Esta resolución foi notificada ao contratista na mesma data.

Undécimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 22 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

proposta, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 29 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e dos artigos 1 e 132 do LCSP.

Neste marco, o servizo xestor emite informe o 20 de outubro de 2025 no que solicita a modificación do contrato. Todas as modificacións solicitadas están previstas no PCAP (artigo 204 LCSP).

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 23 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato (apartado 15.C da FEC) se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) O incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP cando a suma delas dende o inicio do contrato supoñan un incremento superior ao 6 % das zoas de actuación incluídas
- b) O incremento sobre o límite do 12% da cantidade global de residuos recollidos na cidade sobre a referencia indicado na cláusula 3.2 do PPTP.
- c) As obrigas impostas pola lexislación sectorial sobre os procesos da recollida selectiva das distintas fraccións de residuos que modifiquen os condicionantes económicos cos cales se determinan os custes da xestión e tratamento sobre as mesmas no presente contrato (prezos unitarios) así como calquera outras novas obrigas que deriven dunha eventual modificación ou revisión do regulamento do servizo.
- d) Causas de optimización do servizo cando o Concello de Vigo asine un convenio ou outra modalidade de negocio xurídico con algunha entidade pública o privada, para a xestión de certos residuos que están dentro do obxecto deste contrato
- e) Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.
- f) En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos.

O modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS poderá ser revisado polo Concello de Vigo co obxecto do desenvolvemento de calquera proxecto de solicitude de achegas que posibiliten a realización de melloras no



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 24 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

ámbito deste contrato. Sobre todo aquelas que posibiliten actuacións referentes ás obrigas derivadas da transición enerxética e a mellora da sustentabilidade ambiental neste sector.

En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos. A empresa queda obrigada a prestar a colaboración que se lle require neste documento. Así, se durante o período de execución do presente contrato existise a posibilidade de acudir a convocatorias de subvención, tanto no ámbito da Unión Europea como de outras administracións no Estado Español, o modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS proposto polo adxudicatario poderá ser modificado polo Concello de Vigo dentro dos límites que estableza o PCAP, pero sen minorar en ningún caso o importe comprometido pola empresa.

As modificacións que introduza o Concello de Vigo versarán sempre sobre aspectos que incidan na mellora tecnolóxica dos medios a incorporar ou dos equipamentos e infraestruturas adscritas (inmobles, estación de recarga de combustible gaseoso, instalacións de captación solar, instalacións de tratamento de auga para baldeo, etc). As modificacións estará relacionadas coas obrigas impostas pola transición enerxética, obrigas derivadas da mellora da sustentabilidade ambiental, coa diminución da pegada de carbono, ou calquera outra mellora que redunde nun beneficio para a prestación do contrato sempre mellorando a proposta da empresa na súa oferta e conforme aos intereses municipais.

Se concorre algunha das citadas circunstancias, se sinalan como aspectos a modificar (apartado 15.B da FEC):

- Importe dos custes da parte fixa do contrato.
- Importe dos custes da parte variable do contrato.
- Importe do PLAN DE INVESTIMENTOS presentado na oferta.

Se establecen como límites da modificación (apartado 15.D da FEC):

- Para as posibles modificacións do importe dos custes da parte fixa e variable do contrato non poderá superar o límite do 5 % do importe do contrato para estes conceptos.
- Para as posibles modificacións do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS, non se poderá superar o límite do 20 % do total do PLAN DE INVESTIMENTOS previsto no presente contrato.

Neste marco, o servizo xestor propón as seguintes modificacións previstas no PCAP no seu informe:

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 25 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A. MODIFICACIÓNS PREVISTAS NO PCAP

A.1.- Sinatura do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Pan de Sustentabilidade Turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU

Informa ao respecto o informe técnico do responsable do contrato o seguinte:

"o Concello de Vigo debe executar un proxecto denominado: "Plan de Xestión de residuos diferenciado da canle HORECA para o casco antigo de Bouzas". Un plan de xestión de residuos é un documento técnico que establece as directrices, accións e recursos necesarios para unha xestión adecuada dos residuos xerados no ámbito de referencia. A súa finalidade é reducir o impacto ambiental, mellorar a eficiencia na recollida e o tratamento dos residuos, promover a súa valorización e fomentar modelos de economía circular.

O plan para Bouzas céntrase na implantación dun sistema de recollida diferenciado de residuos para os establecementos da canle de hostalaría, restauración e cátering (HORECA) no casco histórico, e a súa área de influencia próxima. Abarca tanto aspectos técnicos e loxísticos coma accións de comunicación e visibilización, co obxectivo de mellorar a recollida selectiva enfocada ás fraccións de residuos orgánicos, o vidro e as cabichas (débense ter en conta todos os residuos xerados polos establecementos aínda que o plan poña especial atención nestes tres).

Require este plan un programa piloto para a recollida diferenciada de residuos orgánicos e de residuos de vidro a establecementos HORECA (hostalaría, restauración e cátering) do casco histórico de Bouzas, así como no seu ámbito de influencia próxima.

Dado que o plan inclúe actuacións que se enmarcan integramente nas competencias propias do servizo de xestión de residuos do Concello de Vigo, constitúe polo tanto un aspecto que xustifica a necesidade da terceira modificación do contrato para abordar as accións propostas e aprobadas. O investimento para a adquisición do vehículo eléctrico fai necesario compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato con esta subvención.

A subvención recibida incrementa prestacións recollidas no contrato como son: a xestión da materia orgánica xerada por grandes produtores da cláusula 10.4 do PPTP, a xestión sustentable e integrada de outras fraccións reciclables do capítulo 12, as campañas de concienciación recollidas na cláusula 4.5 e a implantación de novos recipientes tipo papeleira da cláusula 7.3.

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 26 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña informativa de concienciación en biorresiduos específica para o comercio de proximidade e a hostalería de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña entregará en man 690 folletos informativos, realizará 150 charlas informativas e de seguimento do proxecto, repartirá 70 cubos de 60 litros de cor marrón e con tapa para a separación de orgánica para colocar no interior dos locais, entregará 60 kits de bolsas compostables de gran formato (110 litros).

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña online e offline para a redución de cabichas na vía pública no ámbito de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña repartirá 200 carteis e displays e creará un "selo" de recoñecemento de participación no proxecto que visibilizará tanto no propio establecemento como na web municipal e en RRSS."

A cláusula 7.3 sobre implantación de novos recipientes tipo papeleira debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista debe adquirir e instalar na vía pública durante o ano 2025, 20 unidades de papeleiras bicompartimentadas para recollida de fracción orgánica separadamente de outras fraccións de residuos, nos lugares que lle indique o responsable municipal do contrato. Estas novas unidades entrarán a formar parte do parque de recipientes da cidade nas mesmas condicións que o resto das papeleiras xa existentes."

A cláusula 10.4 sobre a xestión da fracción orgánica xerada por grandes produtores debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista debe executar un proxecto piloto para mellorar a recollida de residuos orgánicos a través dunha recollida diferenciada a establecementos HORECA do casco histórico de Bouzas así como do seu ámbito de influencia próxima. Inclúe a adquisición e a instalación na vía pública de 25 unidades de contedor de 370 litros de cor gris con tapa marrón, de tres rodas, dotados de pechadura mecánica, que serán recollidos mediante o sistema de "quitar e poñer". Inclúe a adquisición de un vehículo totalmente eléctrico, de caixa aberta basculante e plataforma elevadora para o traballo de colocación e retirada dos contedores."

O capítulo 12 sobre xestión sustentable e integrada de outras fraccións reciclables debe incluír unha nova cláusula (a número 12.13), para a recollida diferenciada de cabichas, co seguinte texto:

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 27 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

"CLÁUSULA 12.13.- PROXECTO PILOTO PARA A RECOLLIDA DIFERENCIADA DE CABICHAS

O contratista debe executar durante o ano 2025 un proxecto piloto para a recollida de residuos de cabichas a través dunha recollida diferenciada no casco histórico de Bouzas. Inclúe a adquisición de 55 cinzeiros especiais para instalar no exterior dos locais, e 80 cubos específicos para a recollida dos residuos. Inclúe o proxecto o custe de dous tratamentos dos residuos recollidos en planta de reciclaxe específica, incluso co transporte e as autorizacións necesarias en caso de ter que desprazalos ao estranxeiro."

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e tamén para a empresa por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Neste caso resulta aplicable a normativa específica do mesmo ademais da normativa de contratación pública.

As obrigas do Responsable municipal do contrato están xa recollidas no punto 8º do acordo do primeiro modificado do contrato referido no antecedente 3º e que se tramitou no expediente 8643-252, polo que continúan vixentes e son aplicables a este modificado número 3 que agora se tramita.

Para as obrigas do contratista non incluídas en ningún dos modificados anteriores deben incluírse dous novos puntos (os números 6 e 7) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP que indique:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

6.- obrigas da empresa para proxectos financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU:

- 1. Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, e, en particular, co artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, sobre a compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento.*
- 2 Declaración expresa do compromiso de cumprimento do "Plan antifraude" do Concello de Vigo.*
- 3. Respetar os principios de economía circular e acreditar o compromiso de evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 28 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

(UE) 2019/2088, así como o resto da normativa en materia medioambiental europea e nacional. A estes efectos poderá seguir a Guía Técnica de aplicación do principio de "non causar danos significativos" en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e a "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo

7.- Obriga específica do Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU: Cumprimento das obrigas específicas establecidas no convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do "Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU."

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP. A modificación que precisa o contrato para executar o proxecto piloto para a mellora da reciclaxe a través da recollida diferenciada na canle HORECA no barrio de Bouzas, está amparada no apartado 15) das FEC, na que sobre as circunstancias que determinan a modificación, o epígrafe f) indica como circunstancia que determina a modificación que en relación ás necesidades propostas no plan de investimentos do contrato, o Concello poderá propoñer compatibilizar a súa execución coa concesión de axudas económicas como é neste caso. Os custes asociados co investimento deste proxecto son os máis importantes, sendo o resto dos custes necesarios para a execución, e estando íntima e inseparablemente relacionados co investimento.

Os aspectos a modificar no contrato segundo o recollida no apartado 15.B. das Follas de características do Contrato do PCAP son o apartado a): importe dos custes da parte fixa do prezo do contrato, **e o apartado c):** importe do plan de investimentos presentado na oferta, cuxa cuantificación económica é a seguinte:

O proxecto ten uns custes de execución que figuran nos antecedentes e se detallan no Anexo 5 deste informe.

Incremento do importe da PARTE FIXA do prezo do contrato pola execución do PSTD de Bouzas

Os conceptos non inventariables que forman parte do proxecto e cuxo importe é moi inferior aos custes do investimento, son necesarios para a súa correcta execución e non poden separarse deste. Son os seguintes:

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 29 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PSTD Bouzas	UDS	PREZOS UNIT.	Total 2025 (C/IVE)
Diseño de campaña biorresiduos	1	800,00 €	800,00 €
Folletos informativos entrega en mano	690	0,32 €	220,80 €
GP y canal HORECA campaña de información, charlas informativas y seguimiento	150	12,00 €	1.800,00 €
Contenedor 60 litros marrón con tapa, pedal, cerradura mecánica y dos ruedas para GP y canal HORECA	70	55,00 €	3.850,00 €
Contenedor 370 litros gris con tapa marrón. Con 3 ruedas. Cerradura mecánica para sistema de quita y pon	25	135,00 €	3.375,00 €
Kit HORECA bolsas compostables 110 litros	60	6,00 €	360,00 €
Papelera bicompartimentada EELL 130 litros	20	553,15 €	11.063,00 €
CAMPAÑA RESIDUOS CABICHAS			
Linea gráfica y diseño de campaña colillas	1	900,00 €	900,00 €
Campaña online y offline	1	4.900,00 €	4.900,00 €
Ceniceros para los locales	55	200,00 €	11.000,00 €
Cubos de recogida	80	5,00 €	400,00 €
Carteis y displays	200	4,90 €	980,00 €
Tratamiento	2	2.500,00 €	5.000,00 €
TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR PSTD (C/IVE)		Base= 40.589,82 IVE 10%= 4.058,98	44.648,80€

Este importe de 44.648,80€ (40.589,82€ de base e 4.058,98€ de ive 10%) a aboar no ano 2025 exclusivamente, debe modificar a parte fixa do prezo do contrato. Estes custes non existirán nos vindeiros anos de contrato dado que están vinculados á subvención concedida este ano.

Incremento do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato pola execución do PSTD de Bouzas

Para a execución do proxecto precísase a adquisición de un vehículo eléctrico que é un concepto inventariable. A valoración económica da adquisición do camión obtense do modificado 2º referido no antecedente número 4 deste informe (tramitado co



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 30 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Expte. 1969/1102

número de expediente 8654-252) e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 25/10/2024. Nesa modificación do contrato existe un vehículo eléctrico dotado de caixa aberta basculante de 10m³ con plataforma elevadora totalmente eléctrico por un importe de 200.864,55 € sen IVE (220.951,00€ IVE 10% engadido) que é idéntico ao que agora se precisa.

vehículo totalmente eléctrico de caixa aberta basculante e plataforma elevadora	200.864,55 €
---	--------------

Este vehículo quedará totalmente pagado nesta anualidade polo que non existen custes de amortización máis financiamento e o importe entra directamente a formar parte do plan de investimentos do contrato.

Este importe de 220.951,00€ (200.864,55 € de base e 20.086,45 € de ive 10%) a aboar no ano 2025 exclusivamente, debe modificar o plan de investimentos do contrato.

Impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato

Dos cálculos realizados resulta que o impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato é o **incremento da parte fixa do prezo do contrato en 40.589,82 € S/IVE** (44.648,80 € C/IVE), e o **incremento do plan de investimentos en 200.864,55 € S/IVE** (220.951,00 € C/IVE). O importe total son 241.454,37 € S/IVE (265.599,80 € C/IVE).

	Impacto na Parte fixa	Impacto no Plan de investimentos do contrato	Impacto na Parte variable por recíclaxe	Impacto na Parte variable por incentivo	Impacto no Prezo do contrato
Prezo sen IVE	40.589,82	200.864,55	0,00	0,00	241.454,37
Importe IVE	4.058,98	20.086,45	0,00	0,00	24.145,43
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	265.599,80 €

A.2.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (Orde do 17 de decembro de 2024, MT975T)

Segundo di o responsable do contrato no seu informe técnico está modificación apoíase nos seguintes argumentos:

"O obxecto do contrato adxudicado a FCC MEDIOAMBIETE S.A.U. inclúe a xestión das fraccións dos residuos orgánicos ou biorresiduos, os residuos de aceite de cociña usado e os residuos téxtiles, dos que trata a convocatoria de axudas referida nos antecedentes deste informe.

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 31 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O proxecto presentado á convocatoria e polo que o Concello de Vigo resultou beneficiario, incrementa prestacións contempladas no contrato para as recollidas separadas das fraccións orgánica, téxtil e aceite, perseguindo os obxectivos e metas orientadas pola Axenda 2030.

Inclúese o deseño e execución de importantes campañas de concienciación e información cidadá, co obxectivo de mellorar a recollida selectiva destes residuos que serán destinados á valorización. As campañas de información tamén forman parte do obxecto do actual contrato, pero co proxecto subvencionado se incrementa o seu alcance.

Dado que estes 4 proxectos inclúen actuacións que se enmarcan integramente nas competencias propias do servizo de xestión de residuos do Concello de Vigo, constitúen polo tanto un aspecto que xustifica a necesidade da terceira modificación do contrato para abordar as accións propostas. O investimento para a adquisición dos vehículos fai necesario compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato con esta subvención.

A subvención recibida incrementa prestacións recollidas no contrato como son: a xestión da fracción orgánica de residuos -tanto procedentes dos domicilios como dos grandes xeradores- recollida no capítulo 10 do PPTP, a xestión dos residuos de roupa e calzado incluída na cláusula 12.1 para cuxo incremento se deseñará unha campaña específica, a xestión dos residuos de aceite vexetal da cláusula 12.2 e as campañas de concienciación recollidas na cláusula 4.5.

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 catro campañas de información, difusión e sensibilización para: 1º a consolidación da recollida da materia orgánica (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios como a grandes xeradores), 2º ampliación do proxecto de compostaxe in situ mediante a entrega de 2.500 composteiros xunto con un caldeiro doméstico e un kit composto por termómetro aireador e peneira, 3º consolidación da recollida separada de aceite de cociña usado (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios coa entrega de 3000 embudes como a comunidades de veciños coa entrega de 350 bidóns para a recollida), 4º consolidación da recollida separada de residuo téxtil. Creará unha liña gráfica nova na que contaremos cos contidos necesarios para unha guía/folleto sobre o funcionamento do servizo e os biorresiduos que son obxecto desta recollida separada. As campañas incluírán accións de difusión, comunicación, sensibilización á cidadanía e seguimento. A empresa adquirirá e repartirá



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 32 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

entre centros comunitarios que o soliciten 10 composteiros comunitarios realizando a correspondente visita de formación e a de seguimento.

Especificamente a campaña para a consolidación da recollida da materia orgánica conterà actuacións de formación, información e sensibilización realizadas á poboación involucrada no proxecto consistentes en realizar en total 140 accións de información a pe de rúa, 1.020 visitas a empresas e 65 accións de formación e difusión en centros escolares. Realizaranse accións informativas porta a porta para todos os grandes e medianos produtores do termo municipal. Entregaranse 12.000 unidades de caldeiro aireado de 7 litros de capacidade e de cor marrón, 24.000 atados de bolsas compostables de 10 litros e 18 micras de grosor para domicilios, 1020 atados de bolsas de 120 litros de capacidade e 19 micras de grosor para grandes xeradores.

A cláusula 10.2 sobre a xestión da fracción orgánica recollida mediante recipientes comunitarios en vía pública, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 tres camiós para a recollida de biorresiduos, un con motor de biogás e dous completamente eléctricos. Estes vehículos adicaranse á recollida de orgánica domiciliaria. Un deles terá unhas dimensións especiais para a recollida en rúas estreitas o cal reduce a 6 m³ a súa capacidade, e os outros dous terán unhas medidas estándar e 7 m³ de capacidade

A cláusula 12.2 sobre a xestión do aceite vexetal, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 350 unidades de bidón para o interior das comunidades de veciños, que repartirá xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego, e que recollerá a demanda nas mesmas condicións que os contedores da vía pública."

A cláusula 10.5 sobre tratamento domiciliario do biorresiduo, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 2.500 unidades de composteiro doméstico fabricado con material 100% reciclado, cunhas medidas de 900 mm alto x 700 mm de base cando está montado, e contará tamén cunha tapa superior con peche e bloqueo "anti-vento", e 10 unidades de composteiros de tambor para instalar en espazos comunitarios. Estas unidades se repartirán xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego e formarán parte do parque de composteiros municipal nas mesmas condicións que o indicado nesta cláusula."

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 33 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e tamén para a empresa por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Neste caso resulta aplicable a normativa específica do mesmo ademais da normativa de contratación pública.

As obrigas do Responsable municipal do contrato están xa recollidas no punto 8º do acordo do primeiro modificado do contrato referido no antecedente 3º e que se tramitou no expediente 8643-252, polo que continúan vixentes e son aplicables a este modificado número 3 que agora se tramita.

Para as obrigas do contratista non incluídas en ningún dos modificados anteriores nin no apartado anterior debe incluírse un novo punto (o número 8) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP que indique:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

8.- Obriga específica da axuda concedida pola Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 (códigos de procedementos MT975T e MT975U): Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrancia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T) e na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrancia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U)

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP. A modificación que precisa o contrato para recoller biorresiduos con vehículos de baixas emisións, a entrega de composteiros individuais e as campañas de información e sensibilización, está amparada no apartado 15) das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 34 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

FEC na que sobre as circunstancias que determinan a modificación, o epígrafe f) indica como circunstancia que determina a modificación que en relación ás necesidades propostas no plan de investimentos do contrato, o Concello poderá propoñer compatibilizar a súa execución coa concesión de axudas económicas como é este caso.

Os aspectos a modificar no contrato segundo o recollida no apartado 15.B. das Follas de características do Contrato do PCAP son o apartado a): importe dos custes da parte fixa do prezo do contrato, e o apartado c): importe do plan de investimentos presentado na oferta, cuxa cuantificación económica é a seguinte:

O proxecto ten uns custes de execución que figuran nos antecedentes e se detallan no Anexo 6 deste informe.

Non existen afeccións á PARTE VARIABLE do prezo do contrato dado que os residuos non se xestionan separadamente do resto dos residuos da cidade.

Incremento do importe da PARTE FIXA do prezo do contrato pola execución dos catro proxectos subvencionados

Os conceptos non inventariables que forman parte dos proxectos e cuxo importe é o mínimo imprescindible para que os investimentos sexan efectivos, son os seguintes:

LIÑA 1: consolidación da recollida separada da materia orgánica	UDS	PREZOS UNIT.	Total 2025 (S/IVE)
Caldeiros domésticos de biorresiduos	12.000	4,00 €	48.000,00 €
Bolsas compostables de uso doméstico	24.000	3,10 €	74.400,00 €
Caldeiros para biorresiduos de grandes xeradores	1.020	55,00 €	56.100,00 €
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores	1.020	6,00 €	6.120,00 €
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto	1	97.040,00 €	97.040,00 €
Campaña de información, difusión e sensibilización á grandes produtores e seguimento do proxecto	1.020	12,00 €	12.240,00 €
TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 1 (S/IVE)			293.900,00 €

LIÑA 2: ampliación da reciclaxe in situ	UDS	PREZOS UNIT.	Total 2025 (S/IVE)
Caldeiros domésticos de biorresiduos	2.500	4,00 €	10.000,00 €
Composteiros domésticos	2.500	78,00 €	195.000,00 €
Composteiros comunitarios	10	1.971,00 €	19.710,00 €
Aireadores, termómetro e peneiras para a compostaxe coméstica	2.500	30,00 €	75.000,00 €

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 35 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

<i>Campaña de formación, difusión e seguimento do proxecto</i>	<i>1</i>	<i>200.000,00 €</i>	<i>200.000,00 €</i>
--	----------	---------------------	---------------------

<i>TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 2 (S/IVE)</i>			<i>499.710,00 €</i>
---	--	--	---------------------

<i>LIÑA 3: consolidación da recollida separada de aceite</i>	<i>UDS</i>	<i>PREZOS UNIT.</i>	<i>Total 2025 (S/IVE)</i>
<i>embudes</i>	<i>3.000</i>	<i>0,90 €</i>	<i>2.700,00 €</i>
<i>bidóns e/ou contedores</i>	<i>350</i>	<i>20,30 €</i>	<i>7.105,00 €</i>
<i>actuacións de difusión, comunicación, sensibilización e seguimento</i>	<i>1</i>	<i>39.472,00 €</i>	<i>39.472,00 €</i>

<i>TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 3 (S/IVE)</i>			<i>49.277,00 €</i>
---	--	--	--------------------

<i>LIÑA 4: consolidación da recollida separada do téxtil</i>	<i>UDS</i>	<i>PREZOS UNIT.</i>	<i>Total 2025 (S/IVE)</i>
<i>actuacións de difusión, comunicación, sensibilización e seguimento</i>	<i>1</i>	<i>49.960,00 €</i>	<i>49.960,00 €</i>

<i>TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 4 (S/IVE)</i>			<i>49.960,00 €</i>
---	--	--	--------------------

<i>TOTAL 2025 IMPORTE FIXO LIÑAS 1,2,3 e 4 (S/IVE)</i>			<i>892.847,00 €</i>
<i>IVE (10%)</i>			<i>89.284,70 €</i>
<i>TOTAL 2025 IMPORTE FIXO LIÑAS 1,2,3 e 4 (C/IVE)</i>			<i>982.131,70 €</i>

Este importe de 892.847,00 € (982.131,70 € IVE 10% engadido) a aboar no ano 2025 exclusivamente, debe modificar a parte fixa do prezo do contrato. Estes custes non existirán nos vindeiros anos de contrato dado que están vinculados á subvención concedida este ano.

Incremento do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato pola execución do proxecto de consolidación da recollida separada da materia orgánica (LIÑA 1)

Para a execución do proxecto precísase a adquisición de tres vehículos que son conceptos inventariables. A valoración económica da adquisición obtense por unha banda da oferta económica da empresa, e por outra do modificado 2º referido no antecedente número 4 deste informe (tramitado co número de expediente 8654-252) e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 25/10/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 36 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

Na modificación do contrato existe un vehículo eléctrico dotado de caixa aberta basculante de 10m³ con plataforma elevadora e totalmente eléctrico, por un importe de 200.865,60€ sen IVE; e outro vehículo eléctrico dotado de caixa traseira pechada de 7 m³ con sistema de elevación eléctrico, por un importe de 204.356,87€ sen IVE. Ambos vehículos son idénticos aos que agora se necesitan para o proxecto.

Na oferta do contratista non existen unidades idénticas ao terceiro vehículo que se precisa no proxecto subvencionado, pero si existe unha unidade de camión compactador con motorización Gas Natural Comprimido, de 6 metros cúbicos para recollida de contedores de carga traseira, valorado en 224.021,70 € máis IVE. O vehículo que se precisa é aínda máis pequeno que este, polo que a reforma para acadar menor ancho de vía e menor altura, o que tamén lle confire menor volume de carga (caixa de 6 m³) implica un sobre custe respecto do referido acadando un valor no mercado de 245.416,00€ máis IVE.

VEHÍCULOS PARA RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS	
vehículo eléctrico dotado de caixa aberta basculante con plataforma elevadora e totalmente eléctrico	200.865,60€
vehículo eléctrico dotado de caixa traseira pechada de 7 m ³ con sistema de elevación eléctrico	204.356,87€
Camión recolector de carga traseira de reducidas dimensións e caixa de 6m ³ , con motorización GNC	245.416,00€
INVESTIMENTO TOTALS/IVE=	650.638,47 €
IVE 10%=	65.063,85 €
INVESTIMENTO TOTALC/IVE=	715.702,32 €

Estes vehículos quedarán totalmente pagados nesta anualidade polo que non existen custes de amortización máis financiamento e o importe entra directamente a formar parte incrementando o plan de investimentos do contrato.

Impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato

Dos cálculos realizados resulta que o impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato é o incremento da parte fixa do prezo do contrato en 892.847,00 € S/IVE (982.131,70 € C/IVE), e o incremento do plan de investimentos en 650.638,47 € S/IVE (715.702,32 € C/IVE). O importe total son 1.543.485,47 € S/IVE (1.697.834,02 € C/IVE).

	Impacto na Parte fixa	Impacto no Plan de investimentos do contrato	Impacto na Parte variable por reciclaxe	Impacto na Parte variable por incentivo	Impacto no Prezo do contrato
Prezo sen IVE	892.847,00	650.638,47	0,00	0,00	1.543.485,47
Importe IVE	89.284,70	65.063,85	0,00	0,00	154.348,55
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	1.697.834,02 €

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 37 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A.3.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (orde do 17 de decembro de 2024, MT975U)

Informa ao respecto o responsable do contrato no citado informe técnico o seguinte:

"O proxecto presentado á convocatoria e polo que o Concello de Vigo resultou beneficiario, incrementa prestacións do contrato para a recollida separada de residuos reciclables mediante puntos limpos móbiles adquirindo 17 novas unidades.

Constitúe polo tanto un aspecto que xustifica a necesidade da terceira modificación do contrato, compatibilizar este coa execución das obrigas derivadas da concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia. A actuación atópanse vinculada ao vigente contrato dos "Servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do Marco Europeo da Estratexia da Economía Circular", e os investimentos para a adquisición dos puntos limpos móbiles fan necesario compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato con esta subvención.

A prestación a incrementar incluída no contrato é a referida ao servizo de recollida diferenciada de residuos mediante puntos limpos móbiles que se regula na cláusula 13.2 do PPTP, así como o plan de investimentos ofertado pola empresa.

A cláusula 13.2 que describe a prestación do servizo de punto limpo móbil en Vigo debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe adquirir no ano 2025 cinco caixas metálicas para empregar como puntos limpos non motorizados de 3 m3 de volume e doce unidades de 1,5 m3, que poidan ser utilizados por unha cara ou polas dúas. As caixas estarán dotadas de gancho para ser manipuladas con guindastre. Estes puntos limpos móbiles servirán para suplementar a recollida diferenciada de residuos mediante puntos limpos móbiles que se regula nesta cláusula, cunha nova tipoloxía de contedor máis sinxela de manexar. O proxecto inclúe realizar ata 40 cambios de localización ao ano por diferentes puntos do casco urbano, locais públicos e parroquias, cos seus correspondentes traslados do punto limpo móbil, e a recollida e transporte dos residuos ao punto limpo fixo da cidade para xestionarse conxuntamente co resto dos residuos destas mesmas características recollidos, tanto no propio punto limpo fixo como nos puntos limpos móbiles existentes actualmente.

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e tamén para a empresa por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recu-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 38 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

peración, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Neste caso resulta aplicable a normativa específica do mesmo ademais da normativa de contratación pública. As obrigas non modifican o PCAP do contrato dado que xa existen novos apartados na FEC do PCAP incluídas polas modificacións anteriores deste mesmo informe: apartado J do punto 16 da FEC do PCAP sobre outros aspectos do contrato, e puntos 6), 7) e 8) do apartado B do punto 16 da FEC do PCAP.

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP, no que indica como circunstancia que determina a modificación que en relación ás necesidades propostas no plan de investimentos do contrato, o Concello poderá propoñer compatibilizar a súa execución coa concesión de axudas económicas como é este caso. Os custes asociados co investimento deste proxecto son os máis importantes, sendo o resto dos custes necesarios para a execución, e estando intima e inseparablemente relacionados co investimento.

Os aspectos a modificar no contrato segundo o recollida no apartado 15.B. das Follas de características do Contrato do PCAP son o apartado a): importe dos custes da parte fixa do prezo do contrato, **e o apartado c):** importe do plan de investimentos presentado na oferta, cuxa cuantificación económica é a seguinte:

O proxecto ten uns custes de execución que figuran nos antecedentes e se detallan no Anexo 6 deste informe.

Non existen afeccións á PARTE VARIABLE do prezo do contrato dado que os residuos non se xestionan separadamente do resto dos residuos da cidade.

Incremento do importe da PARTE FIXA do prezo do contrato pola execución do proxecto de ampliación da recollida separada de residuos mediante puntos limpos móbiles.

Os conceptos non inventariables que forman parte do proxecto e cuxo importe é moi inferior aos custes do investimento, son necesarios para a súa correcta execución e non poden separarse deste. Son os seguintes:

LIÑA 3	UDS	PREZOS UNIT.	Total 2025 (S/IVE)
Elementos de sinalización	1	1.000,00 €	1.000,00 €

TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 3 (S/IVE)			1.000,00 €
IVE (10%)			100 €
TOTAL 2025 IMPORTE FIXO POR LIÑA 3 (C/IVE)			1.100,00 €

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 39 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Este **importe de 1.000,00 € (1.100,00 € IVE 10% engadido)** a aboar no ano **2025 exclusivamente**, debe modificar a parte fixa do prezo do contrato. Este custe **non existirá nos vindeiros anos de contrato** dado que está vinculado á subvención concedida este ano 2025.

Incremento do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato pola execución do proxecto de ampliación da recollida separada de residuos mediante puntos limpos móbiles.

Para a execución do proxecto precísase a adquisición de 5 CAIXAS METÁLICAS de 3 m³ e 12 CAIXAS METÁLICAS de 1,5 m³, todas elas con gancho, para uso como punto limpo móbil. Este equipamento é inventariable polo que a súa adquisición é un investimento no contrato. A valoración económica da adquisición obtense da oferta económica da empresa. Nesta non existen unidades idénticas ás do proxecto subvencionado, pero si existe unha unidade de caixa aberta metálica para residuos con "amplirol", valorada en 3.538,51€ que é asimilable.

Os puntos limpos móbiles que se van adquirir no proxecto, son de similares características pero non idénticos. Os puntos limpos son de chapa de aceiro pero tapados e con portas que permiten o acceso ao interior. Substitúen o "amplirol" por gancho de carga na parte superior. Podemos atopar no mercado os puntos limpos móbiles que é preciso adquirir valorados do seguinte xeito:

LIÑA 3	UNIDADES	CUSTO UNITARIO SEN IVE	TOTAL POR CONCEPTO
punto limpo móbil de 3 m³ con gancho	5	6.959,80 €	34.799,00 €
punto limpo móbil de 1,5 m³ con gancho	12	4.199,00 €	50.388,00 €
TOTAL S/IVE=			85.187,00 €
IVE 10%=			8.518,70 €
TOTAL C/IVE=			93.705,70 €

Estes puntos limpos móbiles quedarán totalmente pagados nesta anualidade polo que non existen custes de amortización máis financiamento e o importe entra directamente a incrementar o plan de investimentos do contrato.

Impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato

Dos cálculos realizados resulta que o impacto que ten esta modificación sobre o prezo do contrato é o **incremento da parte fixa do prezo do contrato en 1.000,00 € S/IVE** (1.100,000 € C/IVE), e o **incremento do plan de investimentos en 85.187,00 € S/IVE** (93.705,70 € C/IVE). O importe total son 86.187,00 € S/IVE (94.805,70 € C/IVE).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 40 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

	Impacto na Parte fixa	Impacto no Plan de investimentos do contrato	Impacto na Parte variable por reciclaxe	Impacto na parte variable por incentivo	Impacto no Prezo do contrato
Prezo sen IVE	1.000,00	85.187,00	0,00	0,00	86.187,00
Importe IVE	100,00	8.518,70	0,00	0,00	8.618,70
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	94.805,70 €

B.- Impacto que teñen estas modificacións sobre o prezo do contrato

Analizaremos a continuación o **impacto de todas estas modificacións no prezo do contrato:**

IMPUTACIÓN ECONÓMICA DO MODIFICADO 3º					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato A+F	Parte variable por reciclaxe + orgánico	Parte Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	934.436,82 €	936.690,02 €	0,00 €	0,00 €	1.871.126,84 €
Importe IVE	93.443,68 €	93.669,00 €	0,00 €	0,00 €	187.112,68 €
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	2.058.239,52 €

Este importe so afecta á anualidade en curso do contrato:

INCREMENTO NO ANO 2025			
CONCEPTO	TOTAL S/IVE	IVE (10%)	TOTAL C/IVE
PSTD Bouzas	241.454,37 €	24.145,43 €	265.599,80 €
subvención MT975T	1.543.485,47 €	154.348,55 €	1.697.834,02 €
subvención MT975U	86.187,00 €	8.618,70 €	94.805,70 €
TOTAL 2025	1.871.126,84 €	187.112,68 €	2.058.239,52 €

Engadindo estes importes ao prezo do contrato modificado 2º obtense o novo importe que corresponde co modificado 3º.

	MODIFICADO 2º	INCREMENTO	MODIFICADO 3º
total contrato S/IVE	375.400.295,00 €	1.871.126,84 €	377.271.421,84 €
IVE	37.645.539,32 €	187.112,68 €	37.832.651,99 €
total contrato C/IVE	413.045.834,32 €	2.058.239,52 €	415.104.073,83 €

que presentado coa mesma estrutura que a adxudicación resulta:

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 41 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MODIFICADO 3º					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato A+F	Parte variable por reciclaxe + orgánico	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	333.108.850,08 €	17.139.973,83 €	26.063.417,72 €	959.180,21 €	377.271.421,84 €
Importe IVE	33.310.885,01 €	1.713.997,37 €	2.606.341,77 €	201.427,85 €	37.832.652,00 €
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	415.104.073,84

Coa seguinte distribución de anualidades:

	PREZO MODIFICADO 3 S/IVE	IVE	PREZO MODIFICADO 3 C/IVE
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
2024	37.992.606,08 €	3.809.314,80 €	41.801.920,88 €
2025	40.755.458,40 €	4.085.914,12 €	44.841.372,52 €
2026	39.595.758,40 €	3.970.426,88 €	43.566.185,28 €
2027	40.197.261,36 €	4.030.759,63 €	44.228.020,99 €
2028	40.811.869,89 €	4.092.261,06 €	44.904.130,94 €
2029	41.435.244,52 €	4.155.152,21 €	45.590.396,73 €
2030	42.068.801,22 €	4.218.525,78 €	46.287.327,00 €
2031	42.738.855,77 €	4.286.113,52 €	47.024.969,29 €
TOTAL	377.271.421,84 €	37.832.652,00 €	415.104.073,84 €

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 42 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (402.970.748,49 €), a porcentaxe de modificación da modificación non prevista é inferior ao 20% do prezo. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este, en escrito de data 29 de outubro de 2025 manifesta a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: cumprir coas obrigas derivadas da concesión de subvencións no marco do PRTR (modificacións recollidas nos apartados A.1, A.2 e A.3). A concesión das subvencións permite o incremento de prestacións do contrato que redundan nunha mellora do servizo e o fan medioambientalmente máis sostible por canto incrementan e melloran o reciclado dos residuos HORECA no barrio histórico de Bouzas (modificación A.1), a xestión da fracción orgánica de residuos -tanto procedentes dos domicilios como dos grandes xeradores-, de roupa e calzado e de aceite vexetal, incluíndo a realización de campañas de concienciación (modificación A.2) e incrementando a recollida separada de residuos reciclables incrementado os puntos limpos móbiles (modificación A.3). Estas modificacións ao incrementar e mellorar as recollidas separadas das fraccións orgánica, téxtil e aceite, contribúen a acadar os obxectivos e metas orientadas pola Axenda 2030.

Estas modificacións teñen encaixe no apartado 15.C.f) das FEC do PCAP ao implicar novos modelos de recollida e xestión que son medioambientalmente máis sostibles. Efectivamente, se esixe que neste apartado que *"As modificacións que introduza o Concello de Vigo versarán sempre sobre aspectos que incidan na mellora tecnolóxica dos medios a incorporar ou dos equipamentos e infraestruturas adscritas (inmobles, estación de recarga de combustible gaseoso, instalacións de captación solar, instalacións de tratamento de auga para baldeo, etc). As modificacións estará relacionadas coas obrigas impostas pola transición enerxética, obrigas derivadas da mellora da sustentabilidade ambiental, coa diminución da pegada de carbono, ou calquera outra mellora que redunde nun beneficio para a prestación do contrato sempre mellorando a proposta da empresa na súa oferta e conforme aos intereses municipais". subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados".*

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe técnico do servizo xestor, a modificación incrementa o prezo do contrato en 2.058.239,52 € (IVE incluído) respecto do segundo modificado. Con respecto do prezo inicial do contrato as modificacións incrementaron o prezo do contrato en 12.306.502,44 € (IVE incluído). Estes incrementos atópanse dentro do límite da porcentaxe de modificación prevista no PCAP.

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 43 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	Adxudicación	Importe causas previstas na modificación 1ª	Importe causas previstas na modificación 2ª	Importe causas previstas na modificación 3ª	Total 3 modificacións	% modificación respecto adxudicación
total parte fixa S/IVE:	323.754.427,36	0,00	4.495.057,09	934.436,82	5.429.493,91	
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.346.558,10	-283.140,38	0,00	0,00	-283.140,38	
TOTAL fixo máis variable non incentivo S/IVE	350.100.985,46	-283.140,38	4.495.057,09	934.436,82	5.146.353,53	1,47%
total parte variable por incentivo S/IVE	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
A+F S/IVE	15.007.783,30 (*)	723.273,87	472.226,64	936.690,02	2.132.190,53	14,20%
TOTAL CONTRATO S/IVE	366.067.948,97	440.133,49	4.967.283,73	1.871.126,84	7.278.544,06	1,99%

O incremento da parte fixa e da parte variable por causas previstas é do 1,47%, inferior ao máximo do 5% establecido por PCAP.

O incremento do plan de investimentos do contrato por causas previstas é do 14,20%, inferior ao máximo do 20% establecido no PCAP.

A modificación será financiada con cargo ás aplicacións orzamentarias 4320..2279901 "plan de residuos de bouzas" e 1622.227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS", nas que existe crédito suficiente.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación. Procede, polo tanto, a publicación do citado anuncio e da documentación que xustifica a modificación no perfil de contratante desta Administración.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 44 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE, incluíndo a parte fixa do contrato, os investimentos, o financiamento destes e a parte variable.

A garantía definitiva que a empresa presentou na formalización do contrato ascende á cantidade de 18.312.056,30€. Posteriormente, na formalización da modificación nº 1 presentou outro aval complementario por importe de 27.504,84, e outro de 444.610,63 euros para a formalización do segundo modificado. A garantía actualmente é de 18.784.171,80 €.

Dado que o prezo do contrato sen IVE, tras a terceira modificación é de 377.271.421,84 €:

MODIFICADO 3º	
total parte fixa S/IVE:	333.108.850,08 €
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.063.417,72 €
total parte variable por incentivo S/IVE:	959.180,21 €
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:	17.139.973,83 €
TOTAL CONTRATO S/IVE	377.271.421,84 €

a garantía definitiva ascende a 18.863.571,09 €, polo que o contratista deberá incrementar a mesma en 79.399,32 €.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 45 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, segundo o solicitado polo xefe do servizo de Limpeza e xestión de residuos de Vigo, mediante informe de data 20 de outubro de 2025, coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-Delegado da área de goberno de Fo-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 46 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

mento, Servizos e Deportes, nos termos sinalados neste informe. Este contrato foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en:

1.- Sinatura do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Pan de Sustentabilidade Turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU. Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña informativa de concienciación en biorresiduos específica para o comercio de proximidade e a hostalería de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña entregará en man 690 folletos informativos, realizará 150 charlas informativas e de seguimento do proxecto, repartirá 70 cubos de 60 litros de cor marrón e con tapa para a separación de orgánica para colocar no interior dos locais, entregará 60 kits de bolsas compostables de gran formato (110 litros).

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 unha campaña online e offline para a redución de cabichas na vía pública no ámbito de Bouzas e a súa área de influencia. Como parte da campaña repartirá 200 carteis e displays e creará un "selo" de recoñecemento de participación no proxecto que visibilizará tanto no propio establecemento como na web municipal e en RRSS."

A cláusula 7.3 sobre implantación de novos recipientes tipo papeleira debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista debe adquirir e instalar na vía pública durante o ano 2025, 20 unidades de papeleiras bicompartimentadas para recollida de fracción orgánica separadamente de outras fraccións de residuos, nos lugares que lle indique o responsable municipal do contrato. Estas novas unidades entrarán a formar parte do parque de recipientes da cidade nas mesmas condicións que o resto das papeleiras xa existentes."

A cláusula 10.4 sobre a xestión da fracción orgánica xerada por grandes produtores debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

S. extraord. 04/11/2025



"(...)

O contratista debe executar un proxecto piloto para mellorar a recollida de residuos orgánicos a través dunha recollida diferenciada a establecementos HORECA do casco histórico de Bouzas así como do seu ámbito de influencia próxima. Inclúe a adquisición e a instalación na vía pública de 25 unidades de contedor de 370 litros de cor gris con tapa marrón, de tres rodas, dotados de pechadura mecánica, que serán recollidos mediante o sistema de "quitar e poñer". Inclúe a adquisición de un vehículo totalmente eléctrico, de caixa aberta basculante e plataforma elevadora para o traballo de colocación e retirada dos contedores."

O capítulo 12 sobre xestión sustentable e integrada de outras fraccións reciclables debe incluír unha nova cláusula (a número 12.13), para a recollida diferenciada de cabichas, co seguinte texto:

"CLÁUSULA 12.13.- PROXECTO PILOTO PARA A RECOLLIDA DIFERENCIADA DE CABICHAS

O contratista debe executar durante o ano 2025 un proxecto piloto para a recollida de residuos de cabichas a través dunha recollida diferenciada no casco histórico de Bouzas. Inclúe a adquisición de 55 cinceiros especiais para instalar no exterior dos locais, e 80 cubos específicos para a recollida dos residuos. Inclúe o proxecto o custe de dous tratamentos dos residuos recollidos en planta de reciclaxe específica, incluso co transporte e as autorizacións necesarias en caso de ter que desprazalos ao estranxeiro."

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e para o contratista por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Deben incluírse dous novos puntos (os números 6 e 7) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP coa seguinte redacción:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

6.- obrigas da empresa para proxectos financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU:

1. Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE, e, en particular, co artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, sobre a compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 48 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

2 Declaración expresa do compromiso de cumprimento do "Plan antifraude" do Concello de Vigo.

3. Respectar os principios de economía circular e acreditar o compromiso de evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como o resto da normativa en materia medioambiental europea e nacional. A estes efectos poderá seguir a Guía Técnica de aplicación do principio de "non causar danos significativos" en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e a "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo

7.- Obriga específica do Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU: Cumprimento das obrigas específicas establecidas no convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do "Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationeEU."

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

2.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (Orde do 17 de decembro de 2024, MT975T). Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 4.5 sobre campañas de concienciación debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe deseñar e realizar no ano 2025 catro campañas de información, difusión e sensibilización para: 1º a consolidación da

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 49 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

recollida da materia orgánica (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios como a grandes xeradores), 2º ampliación do proxecto de compostaxe in situ mediante a entrega de 2.500 composteiros xunto con un caldeiro doméstico e un kit composto por termómetro aireador e peneira, 3º consolidación da recollida separada de aceite de cociña usado (neste caso a campaña irá dirixida tanto a domicilios coa entrega de 3000 embudes como a comunidades de veciños coa entrega de 350 bidóns para a recollida), 4º consolidación da recollida separada de residuo téxtil. Creará unha liña gráfica nova na que contaremos cos contidos necesarios para unha guía/folleto sobre o funcionamento do servizo e os biorresiduos que son obxecto desta recollida separada. As campañas incluírán accións de difusión, comunicación, sensibilización á cidadanía e seguimento. A empresa adquirirá e repartirá entre centros comunitarios que o soliciten 10 composteiros comunitarios realizando a correspondente visita de formación e a de seguimento.

Especificamente a campaña para a consolidación da recollida da materia orgánica conterá actuacións de formación, información e sensibilización realizadas á poboación involucrada no proxecto consistentes en realizar en total 140 accións de información a pe de rúa, 1.020 visitas a empresas e 65 accións de formación e difusión en centros escolares. Realizaranse accións informativas porta a porta para todos os grandes e medianos produtores do termo municipal. Entregaranse 12.000 unidades de caldeiro aireado de 7 litros de capacidade e de cor marrón, 24.000 atados de bolsas compostables de 10 litros e 18 micras de grosor para domicilios, 1020 atados de bolsas de 120 litros de capacidade e 19 micras de grosor para grandes xeradores.

A cláusula 10.2 sobre a xestión da fracción orgánica recollida mediante recipientes comunitarios en vía pública, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 tres camións para a recollida de biorresiduos, un con motor de biogás e dous completamente eléctricos. Estes vehículos adicaranse á recollida de orgánica domiciliaria. Un deles terá unhas dimensións especiais para a recollida en rúas estreitas o cal reduce a 6 m³ a súa capacidade, e os outros dous terán unhas medidas estándar e 7 m³ de capacidade

A cláusula 12.2 sobre a xestión do aceite vexetal, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 50 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1969/1102

O contratista adquirirá no ano 2025 350 unidades de bidón para o interior das comunidades de veciños, que repartirá xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego, e que recollerá a demanda nas mesmas condicións que os contedores da vía pública."

A cláusula 10.5 sobre tratamento domiciliario do biorresiduo, debe incluír un novo parágrafo ao final que indique:

"(...)

O contratista adquirirá no ano 2025 2.500 unidades de composteiro doméstico fabricado con material 100% reciclado, cunhas medidas de 900 mm alto x 700 mm de base cando está montado, e contará tamén cunha tapa superior con peche e bloqueo "anti-vento", e 10 unidades de composteiros de tambor para instalar en espazos comunitarios. Estas unidades se repartirán xunto coa campaña que se deseñe conforme ao indicado na cláusula 4.5 deste prego e formarán parte do parque de composteiros municipal nas mesmas condicións que o indicado nesta cláusula."

A subvención recibida establece obrigas para o responsable do contrato e para o contratista por estar financiada con cargo aos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU. Deben incluírse un novo punto (o número 8) ao apartado B) do punto 16 da FEC do PCAP coa seguinte redacción:

"16.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

(...)

B).- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

8.- Obriga específica da axuda concedida pola Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 (códigos de procedementos MT975T e MT975U): Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 51 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2025 (código de procedemento MT975T) e na Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U)

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

3.- Condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (orde do 17 de decembro de 2024, MT975U). Esta modificación afecta as seguintes cláusulas do PPT:

A cláusula 13.2 que describe a prestación do servizo de punto limpo móbil en Vigo debe incluír o seguinte texto ao final:

"(...)

O contratista debe adquirir no ano 2025 cinco caixas metálicas para empregar como puntos limpos non motorizados de 3 m3 de volume e doce unidades de 1,5 m3, que poidan ser utilizados por unha cara ou polas dúas. As caixas estarán dotadas de gancho para ser manipuladas con guindastre. Estes puntos limpos móbiles servirán para complementar a recollida diferenciada de residuos mediante puntos limpos móbiles que se regula nesta cláusula, cunha nova tipoloxía de contedor máis sinxela de manexar. O proxecto inclúe realizar ata 40 cambios de localización ao ano por diferentes puntos do casco urbano, locais públicos e parroquias, cos seus correspondentes traslados do punto limpo móbil, e a recollida e transporte dos residuos ao punto limpo fixo da cidade para xestionarse conxuntamente co resto dos residuos destas mesmas características recollidos, tanto no propio punto limpo fixo como nos puntos limpos móbiles existentes actualmente.

Esta modificación está prevista no contrato no apartado 15.C.f) das Follas de Características do Contrato do PCAP.

3º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 2.058.239,52 euros (IVE incluído) respecto do segundo modificado e de 12.306.502,44 € respecto da adxudicación. O prezo do contrato tras a modificación é de 415.104.073,84 €:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 52 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1969/1102

MODIFICADO 3º					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato A+F	Parte variable por reciclaxe + orgánico	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	333.108.850,08 €	17.139.973,83 €	26.063.417,72 €	959.180,21 €	377.271.421,84 €
Importe IVE	33.310.885,01 €	1.713.997,37 €	2.606.341,77 €	201.427,85 €	37.832.652,00 €
Tipo impositivo	10,00%	10,00%	10,00%	21,00%	415.104.073,84

MODIFICADO 3º	
total parte fixa S/IVE:	333.108.850,08 €
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.063.417,72 €
total parte variable por incentivo S/IVE:	959.180,21 €
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:	17.139.973,83 €
TOTAL CONTRATO S/IVE	
377.271.421,84 €	
IVE 10%:	37.631.224,15 €
IVE 21%:	201.427,85 €
Total IVE:	37.832.652,00 €
total do CONTRATO C/IVE:	415.104.073,84 €

Coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	MODIFICACIÓN 3 S/IVE	IVE	MODIFICACIÓN 3 C/IVE
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
2024	37.992.606,08 €	3.809.314,80 €	41.801.920,88 €
2025	40.755.458,40 €	4.085.914,12 €	44.841.372,52 €
2026	39.595.758,40 €	3.970.426,88 €	43.566.185,28 €
2027	40.197.261,36 €	4.030.759,63 €	44.228.020,99 €
2028	40.811.869,89 €	4.092.261,06 €	44.904.130,94 €
2029	41.435.244,52 €	4.155.152,21 €	45.590.396,73 €
2030	42.068.801,22 €	4.218.525,78 €	46.287.327,00 €
2031	42.738.855,77 €	4.286.113,52 €	47.024.969,29 €
total	377.271.421,84 €	37.832.652,00 €	415.104.073,84 €

S. extraord. 04/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:22

Páxina 53 de 54

1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4º. A modificación será financiada con cargo ás aplicacións orzamentarias 4320..2279901 "plan de residuos de bouzas" e 1622.227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS", nas que existe crédito suficiente.

5º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva incrementandoa en 79.399,32 €, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

6º.- 4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

7º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

8º.- Comunicar ao Consello de Contas".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:22	Páxina 54 de 54
1969-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: A9AAD9-3F8H26-4526B8-Q58BMH-165U3Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		